

A DESTRUCCIÓN DA AMAZÓNIA É UN PROBLEMA QUE NOS AFECTA


AMAZÓNIA, PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Xosé Veiras García

“Seria un crime contra a Humanidade sacrificar os recursos do milénio pelo lucro de una década. Especialmente quando ese crime é cometido en nome de un desenvolvemento baseado na obsesión de pertencer ao “primeiro mundo”, condenando à maioría do povo brasileiro à exclusão para que una minoría possa comprar quin calharias”.

Marina Silva, senadora do Partido dos Trabalhadores (PT) polo estado amazónico do Acre (Brasil)

EN XUÑO DO ANO PASADO, SANTIAGO FOI O ESCENÁRIO DUN INTERESEANTE SEMINÁRIO SOBRE A AMAZÓNIA QUE REUNIU A DESTACADOS REPRESENTANTES DA SOCIEDADE CIVIL E DOS PODERES PÚBLICOS DO BRASIL, CONVOCADOS POLA CÁTEDRA BOLÍVAR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. OS ASISTENTES AO SEMINÁRIO, CELEBRADO BAIXO O TÍTULO “AMAZÓNIA: SOBREVIVÊNCIA, GESTÃO E DESENVOLVIMENTO”, APROVARON A “CARTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”, UNHA APORTACIÓN PARA OS DEBATES DA CONFERÊNCIA DA ONU RIO+10 QUE TERÁ LUGAR EN SUDÁFRICA EN SETEMBRO PRÓXIMO. O DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁBEL DA AMAZÓNIA INTERESA A TODA A HUMANIDADE E DEPENDE TANTO DA VONTADE DOS PAÍSES AMAZÓNICOS COMO DA PREDISPOSIÇÃO DOS PAÍSES ENRIQUECIDOS A CUMPRIREN OS ACORDOS INTERNACIONAIS ADOPTADOS E A EXERCEREN A SOLIDARIEDADE.



Considerar a Amazónia como un patrimonio ambiental da Humanidade non supón cuestionar a soberanía dos países amazónicos, prexudicados pola actual orden económica mundial

A conservación e o uso sustentábel dos recursos da Amazónia é de interese para o conxunto da Humanidade, e non precisamente por ser o “pulmón do mundo”, o que non é certo, pois os bosques amazónicos consomen todo o oxíxeno que xeran. A Amazónia interesa a toda a Humanidade porque é un extraordinario reservóirio de biodiversidade e un enorme armacén de carbono.

Nada menos que o 50% da diversidade biolóxica pode estar na Amazónia. Alén do seu valor intrínseco, trata-se dun recurso estratéxico capaz de combater doenzas e mellorar a alimentación. Muitos medicamentos xa se elaboran hoxe con principios activos extraídos de especies amazónicas.

A destrución dos bosques da Amazónia agravaría o cambio climático, ao liberar importantes cantidades de carbono en forma de dióxido de carbono (CO₂), gas de efecto estufa. O cambio climático é unha ameaza ben real e de consecuencias temíbeis para o benestar e a sobrevivencia humanas, como advirten a imensa maioría dos expertos en predición climática.

UN RITMO DE DESTRUCCIÓN ALARMANTE

A metade da rexión amazónica é territorio brasileiro. Da Amazónia brasileira, unhas dúas terceiras partes aínda fica intacta. Porén, o ritmo de destrución actual é moi preocupante: a superficie equivalente a un campo de fútbol cada oito segundos. Entre agosto de 1999 e agosto de 2000 perderon-se 20.000 quilómetros cuadrados de flo-

resta amazónica no Brasil, o equivalente ás dúas terceiras parte da Galiza.

Até os anos 70, a deforestación amazónica foi desprezábel. A colonización que impulsaron os gobernos militares baixo o lema “terra sem homens” para “homens sem terra” (aínda que a Amazónia non era un deserto humano) iniciou o proceso de devastación dos últimos 30 anos. A explotación agrária e forestal inadecuadas, a construción de grandes “barragens” (encoros), o aproveitamento selvaxe dos recursos minerais,... están dilapidando un patrimonio vital sobre todo para os povos amazónicos mais tamén os povos do resto do mundo.

O seminário sobre a Amazónia celebrado en Compostela suliñou que “o actual modelo de exploração dos recursos naturais é predatório. Isso gera problemas socio-ambientais e económicos irreversíveis, que comprometem o futuro da região”.

Aínda que polo de agora non son capaces de deter o proceso de destrución, cómpre salientarmos aquí, pois pouco se fai nos meios de comunicación de masas, que xa son moitas as iniciativas de desenvolvemento ecoloxicamente sustentábel que se están a implementar con maior ou menor éxito na Amazónia. Iniciativas para aproveitar, de forma sustentábel e equitativa, os recursos naturais: “reservas extrativistas”, explotación forestal baixo a certificación FSC, ecoturismo,....

A CARTA DE SANTIAGO

A Carta de Santiago formula varias recomendacións dirixidas ás socieda-

des dos países amazónicos, en particular do Brasil, e dos países enriquecidos do Norte. A Carta demanda “o fim da exploração ilegal dos recursos naturais da Amazônia” e a implementación de “modelos de cooperación internacional pautados polo respecto aos valores da região”.

A Carta insiste no respecto aos intereses lexítimos das populacións amazónicas. É preciso garantir a súa participación na tomada das decisións que lles afectan e recoñecer o seu dereito “sobre o uso e a comercialización dos resultados das pesquisas sobre recursos naturais, conhecimentos medicinais e o potencial de biotecnología da região”.

Tamén é necesario garantir o “dereito de ficar” nas súas rexións.

No que atinxe aos povos indíxenas en particular, a Carta reclama o seu dereito á saúde e á educación e a integridade das terras nas que viven.

O texto íntegro da Carta de Santiago pode-se ler na web de ADEGA (<http://www.adega.org>).

A RESPONSABILIDADE DO NORTE

Algunhas das causas de deforestación da Amazônia teñen a súa orixen no Norte, na nosa forma de producir e consumir, nas políticas que apoian ou promoven os nosos gobernos, nun modelo de relacións económicas Norte-Sul que infravalora as mercadorías do Sul ao non incorporar no seu prezo os custos sociais e ecolóxicos da súa extracción e produción, fomentando o noso sobreconsumo.

Os que vivemos nos países ricos do Norte estamos a nos apropiarmos da maior parte do planeta, consumindo enormes cantidades de recursos que proceden en grande medida do Sul, de rexións como a Amazônia: petróleo para alimentar a nosa descomunal frota de automóbeis privados, madeiras, soxa para elaborar pensos cos que criar intensivamente o gado, minerais,...

Para obter os recursos que precisa, o Norte non repara en medios. Así, o Plano Colombia semella ter como obxectivo principal o de facilitar as cousas ás petrolíferas norteamericanas. Non é casual que a Occidental Petroleum Company presionase intensamente a favor da aprobación do Plano.

A dívida externa estimula a explotación irracional dos recursos naturais nos países amazónicos, exercida en moitos casos por empresas norteamericanas, europeas, xaponesas e do sudeste asiático.

UNHA REVOLUCIÓN SUSTENTÁBEL NA AMAZÓNIA



Capiberibe agarda que o Plano de Desenvolvemento Sustentábel do Amapá siga vixente despois das eleccións que se celebrarán este ano, ás que non se poderá presentar por ter completado dous mandatos.

Amapá é un pequeno Estado brasileiro da Amazônia situado no extremo norte do país. Das augas do río Amazonas xorden, debuxadas en raio láser, as imaxens de Gandhi, Mandela, Chico Mendes e Allende ao son do “Imagine” de Lennon e dun fragmento da Internacional.

Este espectáculo da inauguración da Feira do Desenvolvemento Sustentábel do Amapá ofrece-nos algunhas pistas sobre o que está acontecendo neste estado desde 1995. Ese ano, o socialista João Alberto Capiberibe –que participou no seminario sobre a Amazônia celebrado en Santiago–, venceu as eleccións para gobernador.

Capiberibe dixo non aos cuantiosos investimentos ofrecidos por empresas madeireiras asiáticas que teñen devastado outras zonas da Amazônia e promoveu o Plano de Desenvolvemento Sustentábel do Amapá (PDSA). En palabras de Alain Ruellan, Profesor Emérito da Escola Superior de Agronomía de Rennes, “diante da globalización económica que empobrece as sociedades e uniformiza as culturas, o Amapá ofrece a vitalidade na diversidade; é un exemplo único para a Amazônia e, máis amplamente, para o mundo”.

O 98% dos bosques do Amapá seguen en pé. O PDSA procura a valorización dos recursos presentes nos bosques (frutos, plantas medicinais, caucho,...), a equidade social e o fortalecemento da democracia. Sen destrución ambiental, ten conseguido mellorar sustancialmente os indicadores sociais do Amapá.

Os actuais gobernos do Amapá e do Acre (éste encabezado por Jorge Viana, do PT) aplican as ideas defendidas por Chico Mendes até o seu asasinato. O enxeñeiro forestal Jorge Viana foi colaborador de Mendes, como tamén o foi o máis influente asesor de Capiberibe.

Eu tamén fun coas vacas

AFONSO EIRÉ



Eu tamén fun coas vacas
Afonso Eiré

Salseiros

FRANCISCO CALO LOURIDO



Salseiros
Francisco Calo Lourido



A TERRA E O MAR
Narrativa de noso en Espiral Maior



Turismo alternativo..
.. Para xente alternativa



Albergue Turístico Rural de 68 prazas no entorno das Fragas do Eume, a 5 km de Pontedeume. Coruña



Casa de pedra restaurada e nova construción con criterios bioclimáticos, enerxía solar, ...



Aloxamentos en cuartos dobres na casa e cuádruples na nova construción. Todos con baño.



Actividades de educación ambiental, sendeirismo, xogos...



WWW.ALVARELLA.COM
981 798 863

